

Á ATENCIÓN DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL



Expte: H/27/93-0218

Asunto: ACHEGAS AO EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN DOS DISPOSITIVOS DE FRANQUEO DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA CENTRAL HIDROELÉCTRICA FÁBRICA DA LUZA, NO RÍO MIÑO, NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO (LUGO).

Con data 21 de xullo de 2016, ADEGA recibe escrito de trámite e vista de audiencia da Comisaría de Augas da Confederación Hidrográfica Miño-Sil polo que autoriza ás partes interesadas no expediente de referencia, caso de ADEGA, a presentar alegacións.

A este respecto, XXXXXXXXXX, con DNI. XXXXXXXXXX, como representante e presidenta da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) na súa delegación en Lugo, e enderezo postal a efectos de notificación Ronda de Fontiñas, 180 Entrechán, 27002 Lugo, e tendo en conta que a ADEGA lle foi recoñecida a condición de parte interesada no citado expediente, presenta as seguintes

ACHEGAS

PRIMEIRA.-As características construtivas das ataguías previstas para a construción dos dispositivos de franqueo incumpren o Estudo de Impacto Ambiental, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) e a condición 13ª da concesión de augas.

No informe do 3 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Conservación da Natureza asinado polo Xefe de Servizos de Análises e Proxectos, Javier Turrillo Montiel, autorízase a modificación do proxecto de dispositivos de franqueo no seguinte termo:

*“6) Se detallan las ataguías a construir en cada caso. Para la construcción de ambos dispositivos es necesario cerrar la zona de trabajo , por lo que se ejecutan ataguías aguas arriba y aguas abajo. Se componen de **escolleras perimetrales de piedra**, tanto en su cara interior como exterior, que **contienen un relleno de tierra**. La cara interior se aísla, además, con una lámina de p.olipropileno . La superficie de tierra se cubre con geotextil y una capa de piedra de 50 cm de espesor. Se prevén con una cota de coronación de 1,0 m por encima de la cota superior de los azudes, de forma que la zona de trabajo quede protegida frente a avenidas eventuales. Sus dimensiones son las mínimas imprescindibles para la ejecución de las obras proyectadas.”*

Sen embargo, no último informe deste mesmo organismo de data 23 de novembro de 2011, incorporado ao expediente do proxecto hidroeléctrico antes de aprobarse a Declaración de Impacto Ambiental, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza indicaba que ningunha das ataguías incluídas no proxecto poderían ser de terra, senón unicamente de pedra limpa:

*“A fin de minimizar el enturbiamiento de las aguas **no se plantean ataguías de tierra**, sino de escollera. Para impermeabilizar esta escollera se revestirá en la cara de agua con una lámina de polipropileno impermeabilizante”.*

Esta condición *sine qua non* foi recollida pola Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de Rehabilitación e aproveitamento hidroeléctrico Fábrica da Luz de Lugo, con data 20 de xullo de 2012 (BOE, 8 agosto de 2012), no seguinte parágrafo:

“Dichas actuacións deben realizarse en seco mediante ataguías o aprovechando das compuertas existentes en el canal, que para minimizar el impacto sobre el río, se realizarán en épocas de estiaje. Asimismo, para minimizar el enturbiamiento de las aguas se plantean ataguías de escollera, para cuya impermeabilización se revestirán con una lámina de polipropileno.”

E tamén se recolle no Estudo de Impacto Ambiental (EIA) do Proxecto no punto 4.2.4 sobre Construción de los dispositivos de franqueo de fauna (páxina 143): *“A fin de minimizar el enturbiamiento de las aguas no se plantean ataguías de tierra, sino de escollera. Para impermeabilizar esta escollera se revestirá, en la cara de agua, mediante piedra en rama sobre la que se situará una lámina de polipropileno impermeabilizante”*.

Por outra banda, segundo a empresa executora INCA, existe un informe da D.X. de Conservación da Natureza da Xunta do 29 de febreiro de 2016 (que non se nos facilitou por parte do órgano substantivo na copia do expediente), no que se establece que se debe evitar o enlodamento das augas: *“Por otra parte deben detallarse las ataguías a construir en cada paso, los accesos a las mismas y los métodos a emplear para evitar daños a la vegetación de ribera (con especial atención a la integrante del hábitat prioritario 91E0) y para evitar la turbidez de las aguas”*.

Por tanto, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, non só contradí os seus informes anteriores, senón que contrapón o disposto polo Estudo de Impacto Ambiental e a Declaración de Impacto Ambiental, non tendo competencias nin autoridade para modificar as condicións estipuladas polo EIA e a DIA do proxecto.


De tal xeito, estaríase incumprindo tamén a condición 13º da concesión de augas pola que: *“Se deberá cumplir con el condicionado establecido en la Declaración de Impacto Ambiental favorable al Proyecto de Rehabilitación de la minicentral hidroeléctrica Fábrica da Luz..., formulada por resolución de la Secretaría de Estado de Medio Ambiente de fecha 20 de julio de 2012 y se llevarán a cabo las medidas propuestas en el Estudio de Impacto Ambiental y resto de documentación ambiental”*.

En tales incumprimentos estaría incorrendo tamén a Confederación Hidrográfica Miño-Sil a través do seu informe de autorización das obras do 18 de xullo de 2016 onde se dispón que: *“Las ataguías se componen de escolleras perimetrales de piedra tanto en su cara interior como exterior, que contienen un relleno de tierra. La cara interior se aísla con una lámina de polipropileno y la superficie de tierra se cubre con geotextil y una capa de piedra de 50 cm de espesor.”* E se engade erroneamente que *“la presente solicitud de autorización se ajusta a la declaración de impacto ambiental de 20 de julio de 2012 (BOE, 8 agosto de 2012).”*


Aínda máis. As características construtivas das ataguías avaladas tanto pola D.X. de Conservación da Natureza como pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil non se corresponden co estipulado no EIA, nin no DIA, pero tampouco coas características construtivas sinaladas no proxecto. Resulta contradictorio que agora os organismos referidos asuman unha tipoloxía de ataguía diferente á recollida na DIA e no Proxecto cando foi precisamente este un dos motivos que fundamentou a paralización cautelar da ataguía parcialmente construída no leito do río Miño, a carón do parque das Saamasas (Lugo), e a posterior apertura de expediente sancionador.

Na proposta de resolución deste expediente de data 25 de maio de 2016, polo que se insta ao Concello de Lugo a pagar unha multa de máis de 180.000€e a retirar ataguía ilegal na época de estiaxe, a Confederación Hidrográfica sinalaba que o tipo de ataguías recollidas na páxina 19 da memoria do Proxecto dos dispositivos de franqueo, protección de fauna, caudal mínimo e medidas de protección do hábitat de xuño de 2010, apartado 5 Sistema Construtivo, se indicaba que “La ubicación en planta de estas ataguías y su sección tipo se incluyen en los planos que se acompañan”. E os planos que se acompañan ao Proxecto reflicten un deseño de ataguía moi diferente á aprobada recentemente como se pode ver a continuación:


Tipo de ataguía recollida na memoria do Proxecto (“escollera” limpa, sen terra):



Tipo de ataguía aprobada o 3 de maio de 2016 pola D. X. Conservación da Natureza e o 18 de xullo de 2016 pola CHMS para a construción dos dispositivos de franqueo (con diferente planta e construída con terra):



Planta y sección de la ataguía del Caneiro Da Luz



Planta y sección de la ataguía del Caneiro Da Praia

Non parece serio que a Confederación Hidrográfica acabe incidindo na mesma infracción e incumprimento polos cales lle esixe ao Concello de Lugo o pago dunha multa e a retirada da obra ilegal.

Ademais, un novo incumprimento neste sentido por parte das administracións públicas referidas, podería supoñer, non só o descrédito como organismos tuteladores do río e do espazo protexido como xestores do patrimonio público, senón que podería acabar derivando en novas multas ou sancións a cargo do erario público. A propia Confederación Hidrográfica Miño-Sil sinala nas propostas de resolución do expediente sancionador de datas 25 de maio de 2016 e 30 de xuño de 2016 advirte ao infractor que *“se abstenga de executar cualquier obra o trabajo en dominio público hidráulico o en sus zonas de protección, sin contar con la previa y preceptiva autorización de este organismo de cuenca y que, en caso de contar con ella, están obligados a cumplir fielmente las condiciones impuestas; pues en caso de que de dichos incumplimientos derivase un nuevo expediente sancionador la reincidencia y/o reiteración podrá ser tenida en cuenta como circunstancia agravante de la responsabilidad”*.

En definitiva, cómpre que o deseño das ataguías se modifique atendendo a todos os condicionantes estipulados polo EIA e a DIA, así como que se correspondan ao deseño presentado na memoria do Proxecto aprobado. No caso de querer mudar tales condicións, a modificación debería ser sometida a información pública e a unha nova avaliación ambiental.

SEGUNDA.- A Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia abandona os obxectivos que lle corresponden de conservación do espazo natural protexido como Rede Natura no que se integran as obras solicitadas.

Ao fío do anterior punto, ademais de emitir indebidamente informe favorable aos aspectos construtivos das ataguías solicitadas, o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 3 de maio de 2016, asinado por Javier Turrillo, só se centra en valorar os aspectos construtivos, non entrando a valorar outros aspectos propios das súas competencias como son os posibles efectos destas ataguías sobre os compoñentes da biodiversidade presentes no tramo fluvial.

A utilización de terra na construción das ataguías, incumprindo as condicións do EIA e da DIA, é un factor que suxire un incremento do potencial impacto sobre o espazo natural protexido, non

só polo posible, e máis que probable, enlodamento das augas, senón tamén pola alteración que a acumulación dun grande volume de terra xeraría na morfoloxía do río e pola afectación que suporía para os hábitats e especies que habitan nel e que non foron adecuadamente recollidos na DIA. A remoción de terras, a dragaxe ou o recheo con terra nos lugares establecidos para a construción das ataguías poden poñer nun compromiso a supervivencia e viabilidade nestes espazo natural protexido de especies que viven nos sedimentos, varias delas protexidas pola lexislación europea, estatal e autonómica, como por exemplo o mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*). En concreto, esta é unha especie catalogada como de “interese comunitario” (Anexo II da DC 92/43/CEE), como “Especie silvestre en réxime de protección especial” (Real Decreto 139/2011) e como especie “Vulnerable” pola lexislación galega (Decreto, 88/2007).

Como xa abordamos nas distintas achegas efectuadas pola nosa entidade a este a outros expedientes relativos ao Proxecto de Rehabilitación e explotación hidroeléctrica da fábrica da Luz, nin o Estudo de Impacto Ambiental nin a Declaración de Impacto Ambiental do proxecto analizan convenientemente os impactos do mesmo nesta zona de Rede Natura, como tampouco o fixeron os informes emitidos pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, centrados unicamente nos aspectos construtivos desvinculados e descontextualizados dos compoñentes de biodiversidade presentes neste treito fluvial.

A este respecto, temos advertido reiteradamente, tanto á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, como á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, que nesta área de Rede Natura se atopan cando menos 5 hábitats de interese comunitario (que se corresponden cos códigos 3260, 3270, 6410, 6430, 6510) e 1 hábitat de conservación prioritaria (91E0*) (Directiva 92/43/CEE); ademais de 4 especies de flora, 4 especies de invertebrados, 3 especies de peces, 9 de anfibios, 7 de réptiles, 93 especies de aves e 13 especies de mamíferos incluídos nos Anexos II e IV da Directiva 92/43/CE, no Anexo I da Directiva 2009/147/CE, e nos catálogos español (Real Decreto 139/2011) e galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007), entre as que destacan: *Lutra lutra*, *Nymphoides peltata*, *Isoetes fluitans*, *Unio pictorum*, *Potomida littoralis*, *Margaritifera margaritifera*, *Natrix natrix* e *Gasterosteus aculeatus*. Mais no EIA e na DIA aprobada só se consideran medidas de corrección para evitar o impato sobre o hábitat de conservación prioritaria (91E0*), desbotando calquera tipo de condicionante ou cautela en relación cos demais compoñentes da biodiversidade do treito afectado.

Polo dito anteriormente é polo que consideramos que existe un claro abandono por parte das autoridades públicas con competencias en medio ambiente na Xunta de Galicia dos obxectivos de conservación do espazo protexido ZEC Parga - Ladra – Támoga, sendo conveniente que esta administración poña máis atención en avaliar os efectos das obras proxectadas sobre os hábitats e especies da zona afectada e que, cando menos, os seus informes se axusten ao condicionado da DIA aprobada.

TERCEIRA.- Non corresponde resolver neste expediente a construción da ataguía 3, que ademais estaría condicionada á retirada da ataguía 4 (dique xa construído), por canto comparten a mesma funcionalidade.

Segundo a nomenclatura utilizada pola empresa executora INCA, a ataguía 3 é a relativa ao “baleirado da canle de toma e dragado parcial da toma e arreglo parcial do azude”, é dicir a que no proxecto se contempla a carón das comporta da canle de toma. Sobre esta pretendida construción, queremos facer constar algunhas cuestións relativas ao trámite de autorización:

a) Non entendemos por que esta ataguía aparece reflectida na documentación achegada polo Concello e a empresa INCA ao expediente de autorización para a modificación dos dispositivos de franqueo do proxecto, xa que nada tería que ver coas escalas de peixes.

b) A ADEGA non lle consta que o Concello de Lugo ou a empresa executora teñan solicitado diante da D. X. de Conservación da Natureza ou da Confederación Hidrográfica Miño-Sil

permiso para a súa construción, ou teñan achegado ao expediente copia do proxecto de execución detallado.

c) Polo anterior, tampouco se entende que no informe da Comisaría de Augas da CHMS, do 19 de xullo de 2016, se indique que a ataguía 3 “*se podrá ejecutar una vez que el río Miño alcance el caudal de estiaje*”. Antes de autorizar a súa execución tería que contar coa aprobación da D.X. de Conservación da Natureza, así como seren avaliadas as características construtivas e os impactos de dita infraestrutura no espazo afectado.

Por outra banda, antes de proceder a aprobación da execución da ataguía 3, habería que ter en conta que a realización desta estaría condicionada á retirada do dique xa construído. Segundo admite a propia empresa executora, e así aparece recollido na memoria do proxecto e no EIA, trátase dunha “*ataguía opcional*” que, segundo afirma INCA a través do escrito do 11 de xullo de 2016: “*no se ejecutaría en caso de que antes del inicio de las obras se aprobase la ejecución de la ataguía 4*”, é dicir que, segundo a empresa, esta ataguía tería a mesma finalidade para o que foi construída a ataguía nº 4, como así xa o apuntaba a CHMS ao incoar expediente sancionador contra a construción da ataguía agora denominada 4. Así, a empresa parece admitir que a ataguía 4 sería o resultado de desprazar a ataguía 3 uns 150 metros augas arriba de onde figuraba nos planos do proxecto, motivo polo cal o presidente da CHMS ditou paralización cautelar das obras.

Alén diso, as administracións implicadas na autorización das ataguías estarían a demostrar un grande desprezo polo espazo natural protexido como Rede Natura e polos seus valores naturais de permitir a coexistencia de ambas ataguías (3 e 4) a sabendas de que unha delas non faría falla. Ademais estarían incumprindo a condición específica nº 9 da concesión de augas pola que se establece que: “*se alterará lo mínimo posible la morfología del lecho fluvial por las obras en el dominio público hidráulico*”.

Tanto a D.X. de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia como a Confederación Hidrográfica Miño-Sil deberían aplicar o principio de cautela e restrinxir ao máximo posible as intervencións no dominio público hidráulico e no espazo natural protexido. E neste caso concreto, non permitir a construción da ataguía 3 mentres non se retire a ataguía 4 se demostre que cumpre co condicionado da DIA.

CUARTA.- A acumulación de impactos imprevistos sobre os agardados nun mesmo espazo e tempo é inasumible para o río e para o espazo natural protexido e podería supoñer un novo incumprimento da DIA.

Segundo a condición específica nº 9 da concesión de augas, anteriormente citada, debemos advertir sobre a acumulación desproporcionada de intervencións nun mesmo tempo e espazo, tendo en conta ademais que ese espazo é zona de Rede Natura e que existe un obstáculo non contemplado no proxecto, nin no EIA nin na DIA que segue vixente a día de hoxe no río. Este obstáculo (ataguía nº4) é un impacto co que non se contaba cando se aprobou a DIA relativa ao proxecto, por tanto hai que telo en conta como factor engadido á hora de avaliar o impacto total xerado sobre o río e sobre o espazo protexido nun mesmo lugar e tempo.

A Declaración de Impacto Ambiental aprobada só avalía e ampara o impacto xerado polo conxunto de accións recollidas no Proxecto de Rehabilitación e aumento do caudal da Fábrica da Luz (Lugo), cando as condicións do río Miño son normais. Sen embargo, non ampara o impacto total das obras cando a este se engaden impactos imprevistos que agravan as condicións ecolóxicas do espazo protexido e modifican as condicións hidrolóxicas e morfolóxicas do efluente, é dicir, cando as condicións do río son anómalas.

Dado que esta acumulación indebida de impactos nun mesmo tempo e espazo non é unha situación amparada pola DIA, a autorización da construción de novas ataguías neste treito de río

sen ter reparado nas condicións anómalas polas que atravesas, sería incorrer nun novo incumprimento das condicións da concesión administrativa e da Declaración de Impacto. Isto conleva, que mentres non se retire o dique ilegal do río e/ou se repare o dano ambiental xerado polo mesmo, non se poderían permitir novas intervencións no río porque se estarían executando baixo outras condicións sobre as cales se aprobou a Declaración de Impacto Ambiental.

Por tanto, pese a que este Organismo de Bacía denegou a nosa petición de medidas cautelares (solicitada con data 12/07/16) con respecto a non permitir novas intervencións no espazo afectado mentres non se devolva ao seu estado orixinal (retirando o dique ilegal), instámolo de novo a reconsiderar esta cautela en base a non incorrer nun novo incumprimento da DIA. En caso contrario, a Confederación Hidrográfica e a D.X. de Conservación da Natureza estarían a premiar o o acometemento de ilegalidades e de actuacións fóra do proxecto e da DIA.

QUINTA.- A empresa executora intenta legalizar e construír ataguías non autorizadas de forma indirecta, a través deste expediente de autorización de modificación dos dispositivos de franqueo.

Resulta chocante que a empresa executora intente “meter con calzador” as obras de remate do dique parcialmente construído (ataguía 4) e apurar a construción da ataguía 3 (na canle de toma) a través da comunicación do inicio e temporalización das obras das ataguías dos dispositivos de franqueo. En tal comunicación, prioriza na realización dos traballos a construción destas dúas ataguías (3 e 4), sobre aquelas ás que realmente se refire o expediente (1 e 2), que son as ataguías para a construción das escalas de peixes. Esta proposta de temporalización suxire que a empresa está a utilizar como escusa a realización das escalas de peixes para legalizar pola vía indirecta o dique ilegal, ademais de conseguir o permiso para a construción da ataguía 3, pese a ser “opcional”.

Non nos parece de recibo por parte da empresa executora, nin por parte do Concello de Lugo que asume este proceder, que se recorra a este tipo de artimañas a través deste procedemento administrativo, xa que deste xeito, o actual expediente estaría enmarcando a construción de 4 ataguías no canto de 2.

Remitimos á CUARTA alegación deste escrito para discutir o seguinte aspecto suxerido pola empresa INCA na comunicación do inicio dos traballos: *“Paralelamente se ejecutarán otras obras cuya temporalidad no viene condicionada por otras unidades de obra”*.

Por tanto, demandamos que no presente expediente só se avalíe a viabilidade das dúas ataguías relativas aos dispositivos de franqueo (1 e 2).

SEXTA.- A conservación da estrutura tradicional do Caneiro da Luz veríase seriamente comprometida coa construción de novas ataguías, mentres o río non se devolva ao seu estado orixinal.

Xa son evidentes os danos que o dique ilegal exerceu sobre o Caneiro da Luz durante os últimos 8 meses. As dúas roturas coas que xa contaba o ano pasado a infraestrutura adquiriron máis dimensión e parte da construción sufriu un intensivo deterioro pola forza que a ataguía ilegal imprime no fluxo da auga, arrastrando parte das pedras do caneiro río abaixo. A isto habería que engadirlle agora o impacto exercido sobre a estrutura pola ataguía que se pretende construír ao outro lado do caneiro e que tamén terá unhas considerables dimensións. O elemento patrimonial quedaría flanqueado *de facto* por dous diques, e ás dúas roturas xa existentes engadiríase ademais un rebaixado na marxe dereita para a instalación da escala de peixes. Este acúmulo de impactos sobre unha estrutura xa afectada e deteriorada podería supoñer a súa sentenza de morte e destrución.

Ademais cabe resaltar que a rehabilitación do Caneiro é a última actuación que a empresa executora pretende satisfacer na súa proposta de temporalización dos traballos, polo que cando se queira iniciar tal rehabilitación é posible que xa haxa pouco que rehabilitar e, paradoxalmente, que as escalas de peixes tampouco teñan moito sentido.

Consideramos necesario, por tanto, que a rehabilitación do Caneiro da Luz sexa unha das prioridades a satisfacer polo proxecto e, en tal caso, evitar que as novas obras exerzan sobre este elemento patrimonial maior erosión e deterioro, devolvendo previamente o leito fluvial ao seu estado natural.

Por todo o anteriormente dito, e en virtude dos dereitos adquiridos como parte interesada no beneficio dos intereses colectivos,

SOLICITO

-Que se incorporen no expediente as presentes alegacións e se teñan en conta para desestimar a realización de novas ataguías no treito río Miño e zona de Rede Natura afectada mentres non se garanta o cumprimento do condicionado do EIA, da DIA e do Proxecto no seu conxunto.

-Que non se outorgue autorización ou permiso para o inicio das obras das novas ataguías mentres non se retire do leito fluvial a ataguía ilegal (nº 4).

-Que non se outorgue autorización ou permiso para o inicio das obras das novas ataguías mentres este organismo non conteste as presentes alegacións.

Para que así conste a todos os efectos,

En Lugo, a 29 de xullo de 2016

Asina

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX